



ACORDO DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO ACORDO DE MELLORA DAS CONDICIÓN S DE TRABALLO E RETRIBUTIVAS DO PERSOAL RESIDENTE EN FORMACIÓN DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE SOBRE COMISIÓN DE SEGUIMENTO EN CENTROS

En Santiago de Compostela ás 14.30 horas do día 24 de Xullo de 2007 , logo da convocatoria realizada para tal efecto, reúnense os membros da Comisión de Seguimento do Acordo de mellora das condicións de traballo e retributivas do persoal residente en formación do Servizo Galego de Saúde que se relacionan á marxe, acadando o seguinte acordo:

	ASISTENTES
	Pola Administración
	Antonio Fernández Paniagua <i>Director xeral da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional</i>
	Julio Villar Barreiro <i>Director xeral da División de Asistencia Sanitaria</i>
	Ana Comesaña Álvarez <i>Subdirectora xeral de Políticas de Persoal</i>
	Santiago Ares Martínez <i>Subdirector xeral de Procesos Asistenciais</i>
	Polas Organizacións Sindicais
	CIG Begoña Peiteado Garrido Marta Ocampo Fontangordo
	CEMSATSE Cándido Andión Núñez Guadalupe Perez-Lafuente Leiro Carmen García Rivas
	CC.OO. José Luis Marcos Luaña Xosé Ramón Iago Bouza Dolores González Lorenzo
CSI-CSIF Juan Evaristo Rodríguez Vázquez	
UGT Javier Martínez Fente	

Que se consitúan comisións de seguimento do acordo de persoal residente en formación nos centros coa seguinte composición, funcións e vixencia:

Composición:

Constituiranse Comisións de Seguimento en cada Xerencia de Atención Primaria e Especializada coa seguinte composición:

- 5 representantes da administración con competencias na materia.
- 5 representantes das organizacións sindicais asinantes do acordo, preferentemente que ostenten a condición de delegados sindicais. Cada organización



sindical poderá nomear un membro titular e un suplente na dita comisión.

- Un residente en formación que forme parte da Comisión de Docencia correspondente. Naquelas xerencias acreditadas para a formación de enfermeiros residentes designarase a dous residentes que formen parte da Comisión de Docencia (un licenciado e un diplomado).

Funcións:

- Levar un seguimento do desenvolvemento do acordo no ámbito do centro e resolver, adoptando acordos, as incidencias que se poidan derivar da súa aplicación no referente a:
 - Gardas realizadas polo persoal residente en formación.
 - Permisos e descansos.
 - Reparto equitativo das gardas a realizar en domingos e festivos.
- Traslado de propostas á Comisión Central e das cuestións interpretativas que se plantexen en relación co acordo.

Vixencia:

Terán a vixencia do acordo (xaneiro 2009).

The image shows several handwritten signatures in black ink. Some signatures are accompanied by the text 'CIG-SAÚDE' written below them. The signatures vary in style, with some being very stylized and others more legible.